

Proxecto de Decreto/2025,... polo que se aproba o Estatuto das mulleres do rural de Galicia

I

O apoderamento da muller é imprescindible para acadar unha sociedade máis xusta e igualitaria. As mulleres deben ter acceso aos recursos, á educación, ás oportunidades laborais e á participación política en condicións de igualdade, así como capacidade de tomar decisións sobre as súas propias vidas. Este apoderamento beneficia ás propias mulleres, pero tamén fortalece o tecido social e promove o desenvolvemento económico e o benestar colectivo. Debemos avanzar na loita contra os estereotipos de xénero e no fomento da igualdade, cara a un mundo no que todas as persoas poidan vivir libres de discriminación e violencia. O Estatuto das mulleres do rural é outro chanzo neste obxectivo.

Dende un punto normativo, esta igualdade entre persoas xa existe. Así, a Constitución Española no seu artigo 14 recolle o principio de igualdade formal, ao indicar que non poderá prevalecer discriminación ningunha por razón de nacemento, raza, sexo, relixión, opinión ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social.

O artigo 9.2 da Norma Fundamental recolle o mandato dirixido aos poderes públicos para promover as condicións para que a liberdade e a igualdade do individuo e dos grupos nos que se integra sexan reais e efectivas; remover os obstáculos que impidan ou dificulten a súa plenitude, e facilitar a participación de toda a cidadanía na vida política, económica, cultural e social.

A Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes establece no seu artigo 30 como política pública para a igualdade no desenvolvemento rural o recoñecemento do traballo feminino, a promoción de novas actividades laborais que favorezan o traballo das mulleres no mundo rural, e o desenvolvemento dunha rede de servizos sociais para atender a conciliación no mundo rural.

O Estatuto de Autonomía de Galicia establece no artigo 4.2 que lle corresponde aos poderes públicos de Galicia promover as condicións para que a liberdade e a igualdade do individuo e dos grupos nos que se integra sexan reais e efectivas, remover os obstáculos que impidan o dificulten a súa plenitude e facilitar a participación de todos os galegos e galegas na vida política, económica, cultural e social.

En virtude do mandato estatutario o Parlamento de Galicia aprobou a Lei 7/2023, do 30 de novembro, para a igualdade efectiva de mulleres e homes de Galicia incorpora no seu artigo 20 o principio de transversalidade en todas as políticas e accións desenvolvidas no exercicio das competencias asumidas de acordo coa Lei Orgánica 1/1981, do 6 de abril, do Estatuto de Autonomía para Galicia, coa dobre finalidade de promover a igualdade e eliminar as discriminacións entre mulleres e homes, a modificación dos patróns socioculturais de conduta de mulleres e homes e o fomento da igualdade de oportunidades na política económica, laboral e social.

O artigos 1.2.e) e 147 da Lei 7/2023, do 30 de novembro, prevén a consideración das singularidades das mulleres rurais no deseño e desenvolvemento das políticas públicas, as realidades específicas que atinxen as mulleres nos espazos rurais e a promoción do apoderamento e a participación activa das mulleres do rural a través do seu estatuto.

O mesmo tempo, o artigo 179 da Lei 7/2023 crea o Observatorio das Mulleres Rurais e do Mar, como órgano colexiado de asesoramento, análise e seguimento da situación das mulleres rurais e do mar en Galicia, na que estarán representadas as organizacións profesionais agrarias máis representativas.

O obxectivo de aprobar un Estatuto das mulleres do rural e do mar Galegas xa se recollía tamén no VIII Plan Estratéxico de Galicia para a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes 2022-2027. A Igualdade de oportunidades para as mulleres rurais é un dos ámbitos de intervención e un eixe transversal do VIII Plan Estratéxico de Galicia.

Polo tanto, a aprobación do Estatuto das mulleres do rural responde a este compromiso da Xunta de Galicia coas mulleres que viven e traballan no rural, tanto nos

aspectos visibles, como nos invisibles ou invisibilizados.

II

Este Estatuto estrutúrase en tres capítulos e dezasete artigos. O Capítulo I leva por rúbrica “Disposicións Xerais” e inclúe o obxecto e finalidade do Estatuto e os principios e criterios nos que se apoia. Así mesmo recolle un artigo dedicado a definicións, que pretende clarexar as nocións empregadas no texto.

O Capítulo II titúlase “Mulleres e Emprego Agrario” e trata as medidas que a consellería competente en materia de emprego abordará desde un dobre enfoque de xénero e ruralidade para garantir o dereito ao emprego das mulleres do rural e a seguridade e saúde no traballo, o fomento da titularidade compartida das explotacións agrarias, a prevención da violencia e acoso das mulleres no traballo e as medidas para acadar a conciliación da vida persoal, familiar e laboral.

O Capítulo III titúlase “Participación, visibilización e apoderamento” e aborda varias cuestións, como son: a participación das mulleres nos plans de desenvolvemento rural, no Observatorio das Mulleres Rurais e do Mar e na toma de decisións na vida pública das súas comunidades; a súa representación no Consello Asesor da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural e nas organizacións agrarias; a preferencia nas axudas; o fomento do movemento asociativo e a capacitación dixital.

A disposición derradeira establece a entrada en vigor deste decreto.

Na elaboración desta disposición observáronse os trámites previstos na Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, e na restante normativa de obrigado cumprimento, entre os que cabe destacar a audiencia as persoas interesadas e a publicación do texto no Portal de Transparencia e Goberno Aberto.

Polo exposto, este decreto adecúase aos principios de necesidade, eficacia, proporcionalidade, seguridade xurídica, transparencia e eficiencia, de conformidade co previsto no artigo 129 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, e no artigo 37 da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico.

Este decreto dá cumprimento ao disposto no artigo 147.3 e na disposición adicional 5º da Lei 7/2023, do 30 de novembro, para a igualdade efectiva de mulleres e homes de Galicia.

Na súa virtude, por proposta da conselleira do Medio Rural, de acordo co Consello Consultivo/oído o Consello Consultivo e logo de deliberación do Consello da Xunta na súa reunión do día...

CAPITULO I

Disposicións xerais

Artigo 1. Obxecto e finalidade

1. O obxecto desta norma é a regulación dun Estatuto das mulleres do rural en Galicia.
2. O Estatuto das mulleres do rural de Galicia (en diante, o Estatuto) ten como finalidade establecer as medidas de promoción do dereito de igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes no traballo agrario, o que inclúe o sector agrícola, gandeiro e forestal, en particular na xestión dos montes veciñais en man común, e de fomento do apoderamento e da participación activa das mulleres rurais no desenvolvemento económico, social, político e cultural.

Artigo 2. Criterios de actuación

A Xunta de Galicia, ademais dos principios e criterios de actuación do artigo 20 da Lei 7/2023, seguirá os seguintes criterios específicos:

- a) Promover o acceso das mulleres ao traballo agrario e fomentar o autoemprego e o emprendemento feminino co obxecto de reducir as taxas de paro e aumentar a ocupación feminina no sector agrario.
- b) Profesionalizar a actividade laboral das mulleres a través da mellora da súa

formación, capacitación e do apoio ao desenvolvemento da súa carreira profesional.

c) Incentivar a cotitularidade das explotacións agrarias e empresas agroalimentarias.

d) Promover a corresponsabilidade e as medidas de conciliación nas zonas rurais.

e) Garantir a seguridade e saúde no traballo das mulleres rurais.

f) Visibilizar e recoñecer o traballo que desenvolven as mulleres no sector agrario.

g) Fomentar a integración das mulleres na dirección das explotacións agrarias, empresas agroalimentarias, grupos de desenvolvemento rural, das cooperativas, das organizacións de produtores/as interprofesionais, consellos reguladores e das demais entidades con actividade agraria.

h) Promover a igualdade e visibilización das mulleres vinculadas ao monte, co recoñecemento do seu papel clave na sustentabilidade, prevención de incendios, e conservación do territorio.

i) Promover o acceso a formación e capacitación das mulleres do rural.

j) Promover accións de sensibilización en igualdade para os homes do rural.

Artigo 3. *Dereitos*

A Xunta de Galicia velará porque as mulleres do rural disfruten de xeito efectivo dos seguintes dereitos sen que poida haber desigualdades por razón de sexo ou por traballar ou vivir nunha zona rural, recoñecendo os seguintes dereitos:

a) A participar no deseño e execución en condicións de igualdade de maneira efectiva, na formulación e execución dos plans de desenvolvemento rural.

b) A acceder en condicións de igualdade ao máis alto grao de saúde física e mental e, en particular, a centros de atención socio-sanitaria, información, consellos e servizos de planificación familiar axeitados.

c) A acceder á formación e educación formal e non formal, incluídas as accións formativas de alfabetización funcional, así como a todos os servizos comunitarios e de divulgación, a fin de aumentar as súas competencias técnicas e dixitais.

d) A organizar grupos de autoaxuda, e constituír asociacións e cooperativas, a fin de acceder en condicións de igualdade ás oportunidades económicas mediante o emprego por conta propia ou por conta allea.

e) A participar en todas as actividades comunitarias.

f) A acceder en condicións de igualdade ás tecnoloxías necesarias para –o acceso aos

servizos financeiros, aos créditos e os préstamos destinados ao sector primario e aos servizos de comercialización.

g) A acceder ao uso da terra en condicións de igualdade, á utilización e xestión dos recursos naturais, e a obter un trato igual ou prioritario nas reformas agrarias e nos plans contra o despoboamento.

h) A acceder ás prestacións sociais e a un emprego digno, estable e de calidade, un emprego digno, estable e de calidade, gozar da igualdade de remuneración e acceder ás prestacións sociais, así como a calquera actividade xeradora de ingresos.

i) A estar protexidas de todas as formas da violencia.

Artigo 4. *Definicións*

Para os efectos deste decreto enténdese por:

a) Empresa agraria: empresa na que máis da metade dos seus postos de traballo son traballos agrarios.

b) Explotación agraria de titularidade compartida: A definida na Lei 35/2011, do 4 de outubro, sobre a titularidade compartida nas explotacións

c) Muller do rural: Muller que vive nunha zona rural ou ten un traballo agrario, o que inclúe sector agrícola, gandeiro e forestal. Este último sector inclúe tanto a xestión forestal e como os usos multifuncionais do monte, tanto en réxime privado como colectivo.

d) Traballo agrario: Traballo realizado dentro do concepto de actividade agraria definida na Lei 19/1995, do 4 de xullo, de modernización das explotacións agrarias, é dicir, conxunto de traballos que se requiren para obter produtos agrícolas, gandeiros e forestais. Son traballos agrarios, entre outros, os de agricultor, gandeiro e silvicultor e os que se realizan nunha industria agroalimentaria.

e) Zona rural: Zona do territorio que non ten natureza urbana.

CAPITULO II

Mulleres e emprego agrario

Artigo 5. Políticas de emprego agrario

1. A Consellería competente en materia de emprego priorizará a situación da muller rural dentro das súas políticas. Aplicará un dobre enfoque de xénero e ruralidade, para que o dereito ao emprego das mulleres do rural sexa efectivo nos mesmos termos que para as demais mulleres e para os homes, traballen ou non en zonas rurais.
2. Para este fin, a consellería con competencias en materia de emprego adoptará, entre outras posibles, as seguintes medidas:
 - a) Implantar políticas activas de emprego destinadas a unha efectiva inserción laboral de mulleres rurais, tanto se son traballadoras por conta allea como se son traballadoras por conta propia.
 - b) Fomentar a convocatoria de axudas para dixitalización das explotacións agrarias e outras empresas agrarias, coa finalidade de mellorar a produción ou de promocionar os produtos e servizos.
 - c) Adaptar programas de formación continua e de teleformación, para facilitar a conciliación da vida persoal e familiar de mulleres e homes.
 - d) Promover boas prácticas na xestión do tempo de traballo.
 - e) Impartir formación específica en materia de prevención de riscos laborais e saúde laboral especificamente enfocados con perspectiva de xénero.
 - f) Asesorar para implantar plans de igualdade nas empresas agrarias que non estean legalmente obrigadas a ter plan.
 - g) Impulsar as auditorías de xénero nas empresas agrarias.
 - h) Fomentar a inclusión nos convenios colectivos que afecten aos traballos agrarios cláusulas antidiscriminatorias e de medidas para facelas efectivas en todos os eidos e, en especial, no acceso ao emprego, na promoción profesional, retribucións, maternidade e conciliación corresponsable, e acoso no traballo.
 - i) Apoiar a formación e profesionalización das mulleres no sector forestal.
 - j) Estimular o emprendemento feminino en actividades forestais. En particular na xestión forestal sostible, transformación e comercialización de produtos forestais, e servizos ecosistémicos.

Artigo 6. Prevención de riscos no traballo agrario

A consellería con competencias en materia de emprego impulsará as medidas necesarias para garantir a seguridade e saúde no traballo das mulleres rurais.

Artigo 7. Titularidade compartida das explotacións agrarias

1. A consellería competente en materias do medio rural fomentará a constitución de explotacións agrarias de titularidade compartida nos termos previstos pola Lei 19/1998, do 4 de xullo, de modernización de explotacións agrarias, mediante a adopción das seguintes medidas:

- a) Campañas informativas e de difusión relativas ao réxime das explotacións agrarias de titularidade compartida.
- b) Asesoramento técnico para realizar a inscrición rexistral da titularidade compartida.

2. As medidas de promoción sobre o réxime de titularidade compartida das explotacións agrarias incidirán, en particular, sobre aquelas de maior tamaño.

Artigo 8. Redes de mulleres do rural titulares de empresas agrarias

A consellería competente en materias do medio rural fomentará o asociacionismo de mulleres titulares de empresas agrarias ou doutras sitas en zonas rurais para a transferencia de coñecementos e experiencias.

Artigo 9. Conciliación da vida persoal e familiar

1. A consellería competente en materia de servizos sociais procurará que os recursos públicos establecidos para conciliar a vida persoal, familiar e laboral das zonas rurais sexa equiparable ao das persoas residentes en zonas urbanas.

2. Na procura do obxectivo anterior implementaranse, cando menos, as seguintes medidas:

- a) Estudos e estatísticas sobre o uso do tempo dedicado por mulleres e homes ao traballo produtivo, reprodutivo e de coidado en zonas rurais.
- b) Difusión dos resultados dos estudos e estatísticas para visibilizar o traballo

reprodutivo e de coidado nas zonas rurais e para sensibilizar no uso de dereitos de conciliación e corresponsabilidade.

c) Campañas de información, de sensibilización e difusión que promovan a corresponsabilidade e a conciliación e que supoñan rachar cos roles de xénero.

d) Axudas que promovan a conciliación e corresponsabilidade no medio rural, ou que permitan o acceso das mulleres rurais ao ocio e tempo de lecer, a asistencia a reunións, eventos ou xornadas e participar na toma de decisións.

Artigo 10. Violencia e acoso no traballo agrario

A consellería competente en materia de emprego, realizará as seguintes actuacións:

a) Promoverá enquisas e estudos para valorar a incidencia da violencia de xénero e o acoso sexual e por razón de sexo no traballo agrario, así como a incidencia da violencia e acoso laboral nas mulleres que traballan no sector agrario.

b) Organizará actividades formativas dirixidas a empresas, cooperativas, organizacións empresariais e organizacións sindicais do sector agrario, así como a asociacións de mulleres rurais.

c) Procurará que o acceso das mulleres residentes en zonas rurais aos recursos públicos establecidos para a prevención e a atención das situacións de violencia e acoso no traballo agrario sexa equiparable ao das residentes en zonas urbanas.

CAPITULO III

Participación, visibilización e apoderamento

Artigo 11. Participación das mulleres nos plans de desenvolvemento rural

1. A consellería competente en materias do medio rural garantirá a participación das asociacións de mulleres rurais na formulación e execución de todos os plans de desenvolvemento rural. Esta consellería informaraas e convocaraas ás reunións, en plano de igualdade, cos demais axentes sociais do eido rural.

2. Na composición do Consello Asesor da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, garantirase, cando menos, dúas representantes elixidas, respectivamente, polas asociacións de mulleres rurais legalmente constituídas.

3. Promocionarase a participación das mulleres nos órganos de goberno e representación das comunidades de montes e noutras entidades do sector forestal.

Artigo 12. Participación das mulleres en organizacións agrarias e criterios preferentes para as axudas

1. A Xunta de Galicia promoverá que, cando menos, sexan mulleres o 40% da persoas dos órganos de goberno das asociacións e organizacións profesionais, empresariais e sindicais do ámbito agrario e agroalimentario.

2. As bases reguladoras das axudas agrarias con concorrencia competitiva establecerán como criterio de valoración a porcentaxe de mulleres que forman parte dos órganos de dirección ou da titularidade das empresas agrarias beneficiarias.

3. As bases reguladoras das axudas agrarias poden establecer como requisito actuacións dirixidas a acadar efectiva da igualdade de xénero, cando estean xustificadas pola súa natureza.

4. Os proxectos de investigación ou estudos que reciban axudas da consellería competente en materias do medio rural incluírán a perspectiva de xénero, na medida en que esta sexa pertinente de acordo co seu obxecto.

Artigo 13. Fomento do movemento asociativo de mulleres rurais

1. A Xunta de Galicia fomentará o asociacionismo de mulleres rurais a través de medidas informativas, formativas e de apoio económico, cando se aprecien dificultades especiais de organización do movemento asociativo nun subsector agrario ou territorio rural concretos.

2. Créase o Premio Muller Rural de Galicia, que será organizado anualmente pola consellería con competencias en materias do medio rural. As súas bases desenvolveranse mediante orde da persoa titular da consellería do medio rural.

Artigo 14. Fomento da capacitación dixital das mulleres rurais

A Xunta de Galicia considerará a situación de desvantaxe particular na que se atopan as mulleres das zonas rurais. Para estes efectos, adoptaranse medidas para fomentar a súa alfabetización, capacitación e innovación dixital, e o acceso das mulleres rurais ao uso de tecnoloxías da información e da comunicación.

Artigo 15. *Visibilización das mulleres rurais*

1. As estatísticas, estudos e investigacións realizadas pola consellería competente en materias do medio rural, sempre que resulta compatible e coherente co seu obxecto, incluírán sistematicamente as seguintes variables persoais:

- a) Xénero.
- b) Concello de residencia.
- c) Tipo de traballo.

Para estes efectos, as definicións estatísticas facilitarán a análise dos datos con perspectiva de xénero para poder así coñecer as diferenzas existentes nos valores, situacións, roles, preocupacións, necesidades, condicións e aspiracións das mulleres e dos homes nas zonas rurais, con especial atención ás circunstancias vinculadas ao xénero, como a asunción de responsabilidades parentais e familiares.

2. As consellería competente en materias do medio rural habilitará un espazo na súa páxina web oficial no que se publicarán:

- a) As estatísticas, estudos e investigacións do punto 1, ou un ben unha ligazón ao lugar onde estean dispoñibles.
- b) As recomendacións e boas prácticas en materia de igualdade que, de ser o caso, se recollan nos estudos e investigacións.
- c) As análises con perspectiva de xénero feitas pola consellería competente en igualdade das estatísticas, estudos e investigacións do punto 1.
- d) Un informe anual que recolla as principais estatísticas, estudos e investigacións respecto ás mulleres nas zonas rurais.

3. As estatísticas, os estudos, as investigacións, as recomendacións, as boas prácticas e as análises citados antes serán tidos en conta para definir e executar os plans de desenvolvemento rural e, en xeral, nas políticas agrarias da Xunta de Galicia.

Artigo 16. *Apoderamento das mulleres do rural*

A Consellería competente en materias do medio rural e, de ser o caso, coa colaboración do órgano competente en materia de igualdade, fomentará a participación das mulleres do rural na toma de decisións e na vida pública das comunidades e, en concreto:

- a) Realizará campañas de sensibilización e impulsará encontros, foros e talleres de formación que promovan accións que visibilicen o labor das mulleres no ámbito rural e avancen no seu apoderamento.
- b) Porá en valor a mulleres referentes nos sectores rurais para fomentar a ruptura de estereotipos de xénero e a autorrealización das persoas.
- c) Adoptará as medidas necesarias para que as asociacións de mulleres agrarias formen parte da interlocución e participación social.
- d) Incorporará nos convenios asinados en materia agraria un compromiso de fomento da participación das mulleres tanto no ámbito de actuación das entidades asinantes como nos seus órganos de decisión.
- e) Adoptará as medidas necesarias para que nas conferencias, foros de debate, xornadas, seminarios ou semellantes nos que interveña a consellería con competencias en materias do medio rural exista unha representación equilibrada de homes e mulleres entre as persoas intervintes, relatores e asistentes.

Artigo 17. Participación no Observatorio das Mulleres Rurais e do Mar

As mulleres do rural participarán no Observatorio das Mulleres Rurais e do Mar, creado segundo o artigo 179 da Lei 7/2023, de 30 de novembro, para a igualdade efectiva de mulleres e homes de Galicia, como órgano colexiado de asesoramento, análise e seguimento da situación das mulleres rurais e do mar en Galicia, nos porcentaxes e seccións indicadas no mesmo.

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor*

Este decreto entrará en vigor aos vinte días naturais da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, x de x, de 2025

Alfonso Rueda Valenzuela
Presidente

María José Gómez Rodríguez
Conselleira do Medio Rural